



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA VINTE DE MARZO DO ANO DOUS MIL TRECE .

ASISTEN:

PRESIDENTE

D.Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez

D. Horario Rouco Ferro

D^a. Ángela Pérez Vázquez

D^a. Noelia Vázquez Paredes

Posteriormente incorporouse

D. José Sabino Prieto Vázquez.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Pablo Casal Espido

Faltou con escusa o Concelleiro :

D. Antonio Blanco Estevo

Sendo as catorce horas do día vinte de marzo do ano dous mil trece, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello o Pleno da Corporación en sesión ordinaria e en primeira





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd . de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
cancelopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor D. Pablo Casal Espido, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE. O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria e celebrada o día 24 de xaneiro do 2013.

Non se formulan alegacións e a referida acta foi aprobada por unanimidade dos membros presentes.

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 16/2013 ó 70/2013, ambos incluídos, facendo constar o Sr. Rouco a existencia dun erro no nome do Alcalde no Decreto 43/2013 de delegación de funcións do Alcalde por ausencia de este.

PUNTO TERCEIRO.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2012.

O Sr. Alcalde destaca que se están cumprindo os prazos legalmente establecidos para a formación da liquidación do orzamento de 2012 fixados para o día 31 de marzo do





exercicio seguinte e a continuación da lectura ós datos que arroxa a liquidación orzamentaria, que son os seguintes:

ORZAMENTO CORRENTE GASTOS

CAP	CREDITOS INICIALES	MODIF.	CREDITOS DEFINITIVOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	OBLIG. PAGO	PEND	PAGOS LIQUIDOS
I	1.153.844,90	465.971,18	1.619.816,08	1.291.352,73	5.728,35		1.285.624,38
II	1.239.310,94	-67.630,74	1.171.680,20	1.121.677,89	236.956,27		884.721,62
III	28.361,57	27.525,00	55.886,57	47.619,98	0,00		47.619,98
IV	25.720,00	-2.300,00	23.420,00	20.780,99	11.545,26		9.235,73
VI	2.403.033,31	74.139,58	2.477.172,89	328.717,09	73.939,95		254.777,14
VII	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		0,00
VIII	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		0,00
IX	28.643,58	1.406,81	30.050,39	30.050,39	0,00		30.050,39
TOTALES	4.878.914,30	499.111,83	5.378.026,13	2.840.199,07	328.169,83		2.512.029,24

INGRESOS

CAP.	PREVIS. INICI.	MODIF.	PREVIS. DEFINITIV.	DERECHOS RECONOC. NETOS	RECAUD. NETA	DERECHOS CANCELADOS	PDTE. COBRO
I	674.042,02	0,00	674.042,02	519.751,97	382.046,22	0,00	137.705,75
II	70.000,00	0,00	70.000,00	60.760,97	30.015,50	0,00	30.745,47
III	525.741,25	0,00	525.741,25	626.665,10	479.186,22	0,00	147.478,88
IV	1.410.744,48	310.284,80	1.721.029,28	997.791,44	997.791,44	0,00	0,00
V	722,74	0,00	722,74	335,74	335,74	0,00	0,00
VI	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VII	2.197.663,81	116.655,30	2.314.319,11	149.735,24	149.735,24	0,00	0,00
VIII	0,00	60.649,55	60.649,55	0,00	0,00	0,00	0,00
IX	0,00	11.522,18	11.522,18	639.090,65	639.090,65	0,00	0,00
TOTALES	4.878.914,30	499.111,83	5.378.026,13	2.994.131,11	2.678.201,01	0,00	315.930,10

Resultado orzamentario axustado é o seguinte:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	2.994.131,11 €
2. Obrigas Recoñecidas Netas.	2.840.199,07 €
3. Resultado Orzamentario (1-2).	153.932,04 €
4. Desviacións Positivas.	43.117,97 €
5. Desviacións Negativas.	12.523,34 €
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería.	3.059,62 €
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).	126.397,03 €

Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	
1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente	315.930,10 €
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado	817.597,59 €
3. Doutras Operacións non orzamentarias	72.693,69 €
4. MENOS. Ingresos realizados ptes aplicación definitiva	6.103,66 €
TOTAL DEREITOS PENDENTES DE COBRO	1.200.117,72 €
2. OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	
1. De Presuposto de Gastos. Presuposto Corrente	328.169,83 €
2. De Presuposto de Gastos. Presupostos Pechados	254.540,59 €
3. Doutras Operacións non Orzamentarias	397.430,32 €
4. MENOS: Pagos pendentes de aplicación	40.101,94 €
TOTAL OBRIGAS PTES. DE PAGAMENTO	930.038,80 €
3.- FONDOS LÍQUIDOS	380.982,08 €
4.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	651.061,00 €
5.- SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	173.811,54 €
6.- REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	43.117,97 €
7.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	434.131,49 €

Conclúe a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que a situación económica do Concello é positiva e incide na boa situación da tesourería municipal con máis de 700.000 euros que o día de hoxe existen na distintas contas bancarias.

Intervén a continuación o Portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rouco Ferro, que considera que os remanentes de tesourería non poden ir destinados a gastos xerais, se





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

non que teñen que ser destinados a amortizar a débeda e como non temos financiamento, engade, temos que facer un plan económico financeiro. Lembra que no seu momento xa manifestou que o orzamento municipal estaba inflado e destaca o baixo grao de execución do mesmo que non supera o 52%. Remata a súa primeira intervención dando lectura ó informe de estabilidade orzamentaria emitido pola Secretaria -Intervención, concluíndo coa petición de que se corrixa as irregularidades existentes.

Na segunda intervención o Sr. Alcalde considera que as cifras que recolle a liquidación do orzamento municipal do exercicio de 2012 non son fáciles de aceptar polo grupo da oposición, pero a realidade é a que é, e o exercicio de 2012 foi enormemente positivo para o Concello de Palas de Rei. Incide o Sr. Alcalde en que o déficit orzamentario está baseado na operación de endebedamento como consecuencia do plan de pago a provedores.

O Sr. Rouco, Portavoz do Grupo Municipal Socialista incide novamente no contido do informe de Secretaria Intervención referido ó incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Intervén a continuación o Portavoz do Grupo Municipal Popular, Sr. Pensado Barbeira, quen recoñece que, se ben é certo que estas non son as contas que lle gustaría aprobar, a realidade é que estamos a vivir tempos de crise e que as medidas adoptados polo Concello están a dar os seus froitos, incluso non so se están a manter os servizos senón que se está aumentado a súa prestación grazas á boa labor que está facendo o Concello a pesar da que está caendo.

Así, Corporación quedou enterada do contido da liquidación do orzamento municipal do exercicio económico de 2012.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO
EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2013.**

Sométese a debate e votación do Pleno da Corporación a seguinte proposta da alcaldía:

"Visto o informe da Intervención Municipal en relación ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2013.

Visto o establecido no artigo 60.2 en relación co 26.1 c) do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril, regulador da normativa orzamentaria das entidades locais.

Visto que o recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo necesario que ten por obxecto a vulneración do principio de anualidade e como efecto a incorporación ó orzamento de obrigas derivadas de gastos provintes de exercicios anteriores.

Visto que corresponde ó Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, polo que

PROPÓNSE:

A aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2013 formado polas facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e que se acompañan ó presente expediente".

O Sr.Alcalde informa que con este expediente preténdese recoñecer facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e destaca que existe liquidez suficiente para poder facer fronte ós pagos que conleva o expediente por un importe de 289.030,17 euros.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

O Portavoz do Grupo Municipal Popular, Sr. Pensado Barbeira lembra que non hai mellor aval para aprobar este expediente que que exista con que pagar estas facturas e novamente destaca que, de seguir este camiño o Concello de Palas de Rei, nun prazo non superior os tres anos terá saldadas todas as súas débedas.

O Sr. Rouco, voceiro do grupo municipal do PSdeG - PSOE, tras destacar que se trata dun total de 281 facturas, insiste en que existe un auténtico desaguado no Concello, concluíndo que o Concello de Palas de Rei está en quebra e solicita do Sr.Secretario informe sobre se todas estas facturas (281) se encontraban contempladas na conta 413 ó peche do exercicio económico 2012, e anuncia que o seu grupo absterase na votación.

Novamente intervén o Portavoz do Grupo Municipal do P.P, Sr. Pensado Barbeira, que considera que a abstención do grupo socialista indica que pode votar a favor da aprobación deste expediente sen ningún tipo de problema.

O Sr. Alcalde lembra que os problemas estarían se non houberse cartos e liquidez para pagar estas facturas, pero ese non é o caso.

Non hai máis intervencións e sometido a votación a proposta da Alcaldía, o Pleno da Corporación por seis votos a favor que corresponden os Concelleiros do grupo Municipal Popular Popular Srs.: García Vázquez, Lodeiro Castiñeira, Sande Agra, Pensado Barbeira, Vila Agra e Taboada Camoira e catro abstencións que corresponden ós Concelleiros do Grupo Municipal Socialista Srs.:Prieto Vázquez, Vázquez Paredes, Pérez Vázquez e Rouco Ferro, adoptou o seguinte acordo:

A aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2013 formado polas facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e que se acompañan ó presente expediente.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO QUINTO. - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA INSTALACIÓN DUNHA FÁBRICA DE BIOMASA EN PALAS DE REI, POR CONCORRER CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 8 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO ICIO .

Vista a petición de D^a. Silvia María Otero Fernández, en representación da Entidade Mercantil BIOPALAS S.L., quen, tras expoñer que a empresa que representa pretende levar a cabo a implantación dunha fábrica (planta) de astillas e pellets coa finalidade de utilizalos como combustible renovable para produción de calor, frío e electricidade neste Municipio, e tendo en conta que tal implantación suporá a creación de nove postos de traballo, solicita unha bonificación do 50% da base liquidable do imposto sobre construcións, instalacións e obras prevista na ordenanza municipal reguladora deste imposto.

Todos os membros da Corporación felicitan esta iniciativa, móstranse a favor da instalación de novas empresas en Palas de Rei e por unanimidade acordan declarar de especial interese ou utilidade municipal a instalación pola Entidade Mercantil BIOPALAS S.L dunha fábrica (Planta) de biomasa en Palas de Rei por concorrer as circunstancias do artigo 8 da ordenanza fiscal regulara do ICIO e concederlle a bonificación solicitada, previa xustificación da mesma.

PUNTO SEXTO . - ROGOS E PREGUNTAS.

a).- ***Preguntas:*** Neste apartado o Sr. Alcalde resposta ás seguintes preguntas formuladas polo portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rocuo Ferro en sesións anteriores:

Pregunta: ¿Cántas altas e baixas se produciron no Padrón de Habitantes no ano 2011 e en que núcleos de poboación?



Na sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2013 o Sr. Alcalde respostou á primeira parte da pregunta e nesta sesión ía respostar á segunda parte (en que núcleos de poboación) e coa conformidade do Sr. Rouco faille entrega dos datos impresos do Padrón de Habitantes correspondente ás altas e baixas por núcleos de poboación no ano 2011.

Pregunta:

1ª.- ¿Cánto diñeiro investiu o Concello no hipódromo e no canódromo de Vilar de Donas?

O Alcalde resposta: O Concello apoiou a construción do hipódromo de Vilar de Donas, eu non vin ningún canódromo, colaborou na estrutura dos boxes, axudou no cerre, e o importe está recollido nas facturas.

2ª.- En relación co Decreto nº 298/2012, ¿por que concepto se aprobou a factura de "Centro de estudios homologados del norte, S.L" por importe de 15.550,00 euros?

O Alcalde resposta: isto correspóndese con unha axuda da Consellería de Cultura e Educación para a realización de actividades fóra do horario escolar como inglés, informática, charlas diversas e todo tipo de actividades que vostede pode comprobar mediante o acceso ás facturas correspondentes.

3ª) En relación co Decreto nº 307/2012 realiza as seguintes preguntas:

a).- ¿Onde se investiu o mallazo ó que se refire a factura nº 20/12?

O Alcalde resposta: nunha obra de acondicionamento da praza pública de Merlán subvencionada mediante unha axuda de Medio Rural

b).- ¿Onde se investiu o formigón a que se refire a factura nº 19/12?

O Alcalde resposta: No acondicionamento da praza pública de Merlán.

c).- ¿Que é o bloque split ó que se refire a factura nº 75?



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Alcalde resposta: o que se utilizou no peche do perímetro da praza pública de Sambreixo.

d).- ¿Onde se colocou a pedra mencionada nas facturas nº 43, 44, 45 e 63/2012?

O Alcalde resposta: Nas mesas de acondicionamento das prazas públicas e no muro de Merlán.

e).- ¿Que destino tivo o mobiliario a que se refire a factura nº 12-118?

O Alcalde resposta: No parque infantil que está na zona dos Chacotes.

f).- ¿Que é a travesa cilíndrica á que fai mención a factura nº 911701?

O Alcalde resposta: postes de madeira a modo de cerre que se colocaron na Ulloa-Sambreixo.

4ª) En relación co Decreto nº 319/2012 formula as seguintes preguntas:

a).- ¿Por que concepto se aprobaron as minutas 98, 99 e 100 a nome de José Ramón Sierra Sánchez?

O Alcalde resposta: Honorarios por diversos contenciosos que neste momento están plantexados contra o Concello.

b).-¿Por que concepto se aprobou a factura emitida por Zorelor?

O Alcalde resposta: por herbicida para a piscina municipal .

Remata o Sr.Alcalde manifestándolle ó Sr. Rouco Ferro que cando dispoña da información, contestaralle ó resto das preguntas.

A continuación o Portavoz do Grupo Municipal Socialista formula as seguintes preguntas:

1.- ¿Cánto diñeiro investiu o Concello no hipódromo e no canódromo de Vilar de Donas?



2.- En relación cós seguintes expedientes 2011/000184-2; 2011/000185-2; 2011/000186- 2;2011/000187-2; 2011/000188-2; 2011/000189-2; 2011/000190-2; 2011/000191-2 e 2011/000192-2 da Consellería de Traballo polos que se concedeu o Concello de Palas de Rei un total de euros 366.340,68 , ó abeiro da "Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 17 de xaneiro de 2011), Programas de cooperación con entidades locais: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social", facémolle as seguintes preguntas:

- a) ¿Cántos candidatos se presentaron en cada expediente?
- b) ¿Cáles foron os criterios de selección empregados para contratar os traballadores?
- c) ¿Quen foron os membros dos tribunais de selección ou as respectivas comisións de selección?
- d) ¿Cantos traballadores se contrataron con nomes e apelidos en cada expediente?
- e) ¿Cal foi a duración do contrato feito ó amparo de esta subvención e cada expediente citado?
- f) ¿Qué traballo desenvolveron os contratados?
- g) ¿Que clase de obra ou servizo se atenderon por parte de este persoal?
- h) ¿Algunha persoa seleccionada traballou nalgún plan de cooperación en anos anteriores ou non?



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

3.- En Relación coas notas de reparo cós números 3,5,6,8,10,15,21,22,23,24,26,28,30,32,37,39,40,42,43,44,47,49,51,52,,58,60,61,62, 63,64, do ano 2012.

¿Algún dos citados reparos que levantou o Sr. Alcalde a través dun decreto, eran competencia do pleno?

Se eran competencia do pleno, ¿cantos levantou por Decreto o Sr. Alcalde e cales foron?

4.- ¿De cantas prazas dispón o pavillón de deportes habilitado para pernoctar os peregrinos?

5.- ¿De cantas prazas dispón o albergue municipal de peregrinos?

6.- ¿Cal foi o importe das subvencións concedidas a "Queixerías Castillo de Pambre"?

7.- ¿Cal é o importe das mesmas?

8.- ¿ Cal é a data de concesión?

9.- ¿Que finalidade pública e municipal tiñan estas subvencións?

10.- ¿Cal foi a fecha de certificación das mesmas por parte do concello?

11.- ¿Cal foi o importe anulado a empresa e fecha de pagamento

12.- ¿Cantas empresas hai no concello de Palas que se acolleran a bonificacións do inicio ata o día de hoxe?





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

13.- ¿Cal é o seu nome ou firma comercial?

14.-Estes días saíu nos medios de comunicación que a Garda Civil recuperara un camión roubado o Concello de Palas

¿foi un camión do Concello sí ou non?

O Alcalde contesta : non.

15.- Cánto material roubaron? Resposta o Terceiro Tenente de Alcalde: catro desbrozadoras, un grupo electrogen, dúas radiais, un xogo de autoclec, alargaderas eléctricas, unha caladora, un remolque e un vehículo todo terreo alugado para o obradoiro de emprego.

b) Rogos: O Sr. Pensado Barberia solicita que se hormigone as bocas das tajeas existentes no camiño recentemente acondicionado do Dulceiro a Gresulfe.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto e levanta a sesión ás quince horas e quince minutos do día de referencia, de todo o que eu, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE

O SECRETARIO,